

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2010

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2010 o seu decimoséptimo ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas aos estudantes universitarios, no seu caso, e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural, social e educativo da parroquia de Beluso, en particular, e, en xeral, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

O Presidente do Padroado da FUNDACIÓN NOVAS, D. Jesús Portela Medraño, cumprindo un acordo do resto dos integrantes da directiva da nosa entidade, recolleu diversas propostas para invertir o capital da Fundación e poder obter un maior rendemento para así poder adicar os cartos aos fins establecidos nos nosos Estatutos. No mes de novembro, e cumprindo un acordo do Padroado, o presidente da Fundación asina un novo reparto do noso capital social. Debido á situación de crise financeira mundial, o Padroado tomou o acordo de manter dividido, como xa se fixera o ano pasado, en dúas partes este capital e destiñalo durante un ano a un fondo xestionado pola empresa Baninver e outro no Grupo Vitalicio, co fin de garantir o capital social en caso de que houbera problemas de solvencia ou doutro tipo nas entidades financeiras coas que traballamos. A sinatura destes

contratos foron realizadas no mes de novembro por un prazo de un ano e medio e un ano renovable.

A decisión do Padroado sobre a xestións do noso capital veu a aliviar a situación económica da nosa entidade. Coa nova xestión do capital , a FUNDACIÓN NOVAS pudo afrontar máis proxectos.

AXUDAS

Por outra parte, o Padroado da Fundación tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 350 euros ao Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural das Letras Galegas, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

O Padroado da Fundación Novas tomou tamén o acordo de facerse cargo dos gastos mensuais de mantemento e das cuotas por número de copias realizadas da fotocopiadora-impresora que se donou no ano 2008 á Biblioteca de Beluso e da conexión a Internet desta biblioteca.

Como xa ocorrira o pasado ano, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder unha axuda de 600 euros a xunta directiva do Clube Deportivo Beluso, para destinala á equipación dos alumnos da Escola de Fútbol Base que puxo en marcha o clube,

recibindo o agradecemento da directiva e dos pais e nais dos futbolistas pola doación.

Como novas propostas, o Padreado da Fundación Novas tomou o acordo de colaborar e patrocinar o Festival de Curtametraxes de Bueu. Neste segundo ano de colaboración, o Padreado tomou o acordo de aportar unha axuda de 200 euros para actividades de organización e de unha aportación de 300 euros para premiar á mellor curtametraxe de autor galego deste Festival.

Tamén, a Fundación Novas asinou un acordo co Club Náutico de Beluso para fomentar a práctica do deporte da vela no noso concello. Por ese acordo, a Fundación faríase cargo do pago da matrícula dos nenos e mozos nos cursos de iniciación á vela durante os meses de verán. A única condición para pagar esta matrícula foi que os matriculados deberían ser veciños do concello de Bueu e estar matriculados en centros educativos deste concello. O exitoso resultado deste acordo co Club Náutico de Beluso plasmouse en preto de mecio cento de alumnos matriculados e participantes nos cursos de iniciación á vela.

Finalmente, o Padreado foi informado polo presidente da Fundación da renovación da páxina web da nosa entidade benéfico-docente: www.fundacionnovas.org. Os traballos foron realizados pola empresa informática Nerade de e xa estamos operativos dende principios deste ano e a tradución ao inglés foi encargada e realizada por Mar Portela Reboiras.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2010 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado